



## ASINA POLA LIBRE IMPRESIÓN!

5 / 06 / 2007

Os CAF-CAEF do Campus d'A Coruña vimos de iniciar unha campaña de recollida de sinaturas a prol da libre impresión e contra o sistema de control de impresións que se está a instalar nos centros da Universidade d'A Coruña:

Porque supón a **privatización dun servizo** que xestionaba a Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea, e que pasa a xestionar o Banco Santander a través dun convenio, **sen ningún tipo de concurso público**.

Pola **intromisión dunha empresa privada, o Banco Santander**, na xestión das Aulas Net que: son recursos necesarios para o estudiantado e que, ademais, están **en centros que son públicos**.

Porque introduce, como chave da impresión, o moedeiro electrónico asociado ao carné universitario: **sen as mínimas garantías de seguridade e confidencialidade de datos**, xa que visualiza o saldo do moedeiro, sen ningún motivo, nin técnico nin de ningún tipo, mentres estás a imprimir; e, con menos xustificación áinda, se tivermos en conta que polo momento só se cobran as impresións a cor e isto tamén acontece coas de branco e negro.

Porque **as taxas universitarias e o financiamento público das universidades teñen que ser garantía da cobertura das nosas necesidades**, sen intervención de terceiros con intereses que distan moito de ser os do estudiantado desta Universidade.

E por supor un control das impresions por alumna/o, entorpecendo a impresión de traballos, apuntamentos, etc, ademais de ser un **primeiro paso cara unha limitación efectiva do número de copias por alumna/o**.

Ante esta situación, os CAF-CAEF pedimos explicacións no Claustro do día 13 de Abril do presente ano e, a día de hoxe, non recibimos ningún tipo de contestación: nin do Reitor nin do Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea. Por isto chiamamos ao estudiantado a participaren desta recollida de sinaturas, para amosarles a negativa de todos nós á privatización da xestión dos servizos que todas e todos necesitamos e aos que temos dereito como estudiantes da UdC.

